O 24 de xaneiro de 2025 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante DXSAP) un escrito remitido polo Servizo Xurídico-Administrativo do Instituto de Estudos do Territorio (en diante, o instituto) no que se solicita o informe complementario preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante RPT) da devandita entidade instrumental. A dita solicitude vén acompañada da memoria funcional e económica complementaria correspondentes.

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 14 apartado 2.F.a) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

1. O 30 de outubro de 2024 a DXSAP emitiu un informe favorable á solicitude de modificación da RPT do instituto. Esta modificación de RPT nunca chegou a publicarse.

2. O instituto ten como funcións fundamentais os estudos do territorio, a planificación, ordenación e xestión da paisaxe e a xestión dos Sistemas de Informacón Xeográfica e Cartográfica da Xunta de Galicia. Por este motivo, creouse a escala de técnicos especialistas en reprodución cartográfica [1].

3. O instituto necesita continuar cos proxectos nos que está involucrado, entre outros o Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica aprobado en 2021, a participación no Sistema Cartográfico Nacional a través dun convenio de colaboración coa Administración Xeral do Estado, a colaboración co Instituto Xeográfico Nacional en diversos proxectos, artellados mediante convenios ou encomendas de xestión, que precisan persoal altamente especializado en sistemas de información xeográfica.

[1] Mediante a Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a reducción da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición adicional quinta, número 5, modifica o cadro do número 4 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia para crear esta escala.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: 5wltsf0tcX56
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. Ademais, a Unión Europea aprobou unha directiva comunitaria [2] para buscar solucións aos problemas relacionados coa dispoñibilidade, calidade, organización, accesibilidade e posta en común de información xeográfica. A partir desta directiva, desenvolveuse a lexislación estatal [3] e tamén a autonómica [4] para asegurar que as infraestruturas de datos espaciais sexan compatibles e interoperables nun contexto comunitario e transfronteirizo. A directiva esixe, en concreto, adoptar normas de execución comúns sobre metadatos, especificación de datos, servizos de rede, servizos de datos espaciais, datos e servizos de uso compartoido, seguimento e informes.

SEGUNDO. Obxecto da proposta

A finalidade da memoria funcional complementaria remitida polo instituto é propoñer a creación de cinco postos para seren ocupados no actual contexto de estabilización de postos de traballo derivado da Lei 202/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público [5].

Por Resolución do 9 de decembro de 2024, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo, fíxose pública a relación de persoas aspirantes que superaron o proceso, dentro da que se inclúen cinco prazas da escala técnica de reprodución cartográfica.

Co obxecto de facer efectivo o dereito das persoas que superaron os correspondentes procesos á elección de destino, unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos correspondentes, resulta necesario crear cinco postos correspondentes ás cinco prazas convocadas desta escala técnica.

---

[2] Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece a infraestructura de información espacial na Comunidade Europea (Inspire).

[3] Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España. Esta lei foi modificada pola Lei 2/2018, do 23 de maio, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.

[4] Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

[5] Por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 22 de decembro de 2022 convocouse proceso selectivo de estabilización, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso para o ingreso no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala técnica de técnicos especialistas en reprodución cartográfica, subgrupo C1. Esta convocatoria incluía, entre otras, cinco prazas desta escala técnica.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: 5wltsf0cX56
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TERCEIRO. Cambios propostos

Na actualidade, no instituto figuran dotados orzamentariamente os seguintes postos de técnicos/as especialistas en informática con funcións de información xeográfica, que deben ser **amortizados** para crear os que se mencionan máis abaixo:

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	CATEGORÍA ACTUAL	FUNCIÓNS QUE DESEMPEÑAN	OBSERVACIÓNS
MAO319999915770165	Técnico/a especialista en informática	III-91	Información xeográfica	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
MAO319999915770166	Técnico/a especialista en informática	III-91	Información xeográfica	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
MAO319999915770167	Técnico/a especialista en informática	III-91	Información xeográfica	Sen ocupante
MAO319999915770168	Técnico/a especialista en informática	III-91	Información xeográfica	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
MAO319999915770170	Técnico/a especialista en informática	III-91	Información xeográfica	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

Por mor do proceso extraordinario de estabilización, convocado pola Resolución do 22 de decembro de 2022, proponse que se creen na RPT do instituto cinco postos coas características que se indican a seguir, todos eles con adscrición exclusiva a funcionarios/as da Xunta de Galicia e co apartado de titulación académica en branco:

CÓDIGO DO POSTO	DESCRICIÓN POSTO	SUBGRUPO /NIVEL	FORMA DE PROVISIÓN	CORPO/ESCALA	FORMACIÓN ESPECÍFICA
MAO310000015770165	Técnico/a especialista en reprodución cartográfica	C1-14	Concurso	Técnicos/as especialistas en reprodución cartográfica	578/992*
MAO310000015770166	Técnico/a especialista en reprodución cartográfica	C1-14	Concurso	Técnicos/as especialistas en reprodución cartográfica	578/992*

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: 5wltsf0cX56
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MAO310000015770167	Técnico/a especialista en reprodución cartográfica	C1-14	Concurso	Técnicos/as especialistas en reprodución cartográfica	578/992*
MAO310000015770168	Técnico/a especialista en reprodución cartográfica	C1-14	Concurso	Técnicos/as especialistas en reprodución cartográfica	578/992*
MAO310000015770170	Técnico/a especialista en reprodución cartográfica	C1-14	Concurso	Técnicos/as especialistas en reprodución cartográfica	578/992*

*O código 578 equivale a coñecementos en edición cartográfica e fotogramétrica; mentres que o código 992 se corresponde con coñecementos de sistemas de información xeográfica.

CUARTO. Custos

Segundo consta na memoria económica remitida, a dotación económica anual para os cinco postos existentes que se deben amortizar é de 156.545,15 €, mentres que a dotación dos cinco postos que se propón crear é de 157.146,98 €. Isto implica un déficit de 601,83 €.

Non obstante o anterior, en relación coa memoria económica pronunciarase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

QUINTO. Sentido do informe

Á vista de todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio **informa favorablemente** a proposta complementaria de modificación da relación de postos de traballo do Instituto de Estudos do Territorio.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

DEPARTAMENTO DE XESTIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 27/01/2025 13:46:04

CVE: 5wltsf0tcX56
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es